

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4097 *REAL DECRETO 195/2002, do 15 de febreiro, polo que se establece o plan de seguimento e vixilancia sanitaria do gando porcino.* («BOE» 52, do 1-3-2002.)

O Real decreto 1493/1995, do 8 de setembro, polo que se establece un plan de seguimento sanitario do gando porcino, regula os controis serolóxicos que hai que efectuar nos devanditos animais. Este plan permite manter un seguimento constante fronte ás enfermidades do gando porcino que evite nun futuro a aparición e difusión destas.

No devandito real decreto quedaban perfectamente definidos os controis serolóxicos fronte á peste porcina africana; sen embargo, en canto a outras enfermidades do gando porcino, faise necesario establece-los controis mínimos que permitan facer un seguimento adecuado delas.

Por outra parte, no marco nacional de actuacións de loita fronte á peste porcina clásica, establece-se un Programa Nacional de Investigación Serolóxica que tiña por finalidade detectar, controlar e evita-la difusión da enfermidade dentro do territorio nacional, e que agora resulta necesario revisar.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto díctase de acordo co disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2002,

D I S P O Ñ O :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las bases para o seguimento, en tódalas explotacións porcinas do territorio nacional, das enfermidades que figuran no anexo I.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Explotacións de selección, de multiplicación, de cría de reprodutores, de produción e de ceba: as definidas no artigo 3 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

b) Sistema de explotación extensivo, intensivo e mixto, e centros de inseminación artificial: os definidos no artigo 2 do citado Real decreto 324/2000.

c) Explotacións de xabaris: aquelas en que se manteñan, críen, ceben ou manexen xabaris.

Artigo 3. *Controis serolóxicos segundo o tipo de explotación.*

Nas explotacións porcinas do territorio nacional realizaranse os controis serolóxicos que a continuación se indican, tendo en conta o número de mostras que se recollen no anexo II:

1. En centros de inseminación artificial, explotacións de selección e explotacións de multiplicación:

a) Realizarase un primeiro control serolóxico sobre o 100 por 100 do censo dos reprodutores fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica, enfermidade vesicular porcina e enfermidade de Aujeszky, o que permitirá coñecer-la situación sanitaria da explotación.

b) Posteriormente, realizaranse controis serolóxicos cuatrimestrais fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina, sobre un número de reprodutores que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do 5 por 100; os devanditos controis efectuaranse cada vez en animais diferentes.

c) En canto á enfermidade de Aujeszky, a explotación deberá estar cualificada como indemne ou oficialmente indemne de Aujeszky.

2. En explotacións de produción realizarase un control anual fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina, sobre un número de reprodutores que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do 5 por 100.

3. En explotacións de cría de reprodutores realizarase un control cuatrimestral fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina sobre un número de animais que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa prevalencia é como mínimo do 5 por 100; os devanditos controis efectuaranse en animais representativos de tódalas idades.

No caso de que o sistema de produción sexa todo dentro ou todo fóra, o control realizarase antes da saída dos animais.

4. Nas áreas xeográficas de explotacións con sistema de cría en réxime extensivo con programa específico, e en explotacións de xabaris, realizaranse os seguintes controis serolóxicos anuais:

a) Nas explotacións cualificadas sanitariamente conforme a normativa vixente, realizarase un control fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina sobre un número de reprodutores que garanta, cun grao de confianza do 95

por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do 5 por 100, efectuándose estes controis cada vez en animais diferentes.

b) No resto de explotacións efectuarase un control serolóxico nos reprodutores existentes na explotación fronte á peste porcina clásica, peste porcina africana e enfermidade vesicular porcina sobre un número de reprodutores que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do 2 por 100; estes controis efectuaranse cada vez en animais diferentes.

c) As explotacións destinadas a ceba de animais estarán exentas da realización dos controis serolóxicos en relación coa enfermidade vesicular porcina.

5. Para a enfermidade de Aujeszky, en tódalas explotacións anteriores e nas explotacións de ceba, ademais do disposto neste artigo, realizaranse os controis descritos no Real decreto 245/1995, do 17 de febreiro, polo que se establece o programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky ou o que poida substituílo no futuro.

Artigo 4. *Movemento dos animais no territorio nacional.*

1. Será requisito para o movemento de animais entre comunidades autónomas que se realizen os seguintes controis:

a) Para animais de centros de inseminación artificial, explotacións de selección, de multiplicación e de recría de reprodutores, unicamente poderá levarse a cabo o movemento, se se realizaron na explotación de orixe, os controis periódicos, con resultado favorable, establecidos no artigo 3 deste real decreto.

b) No caso de leitóns para vida ou animais para sacrificio, poderase levar a cabo só se se realizaron na explotación de orixe os controis periódicos fronte á peste porcina africana e peste porcina clásica con resultado negativo.

c) Para o movemento fóra da explotación de animais criados en explotacións porcinas situadas en áreas xeográficas de sistemas extensivos que sexan consideradas de risco, así como naquelas explotacións de xabaris situadas nas ditas zonas de risco, deberán efectuarse os seguintes controis:

1.º No caso dos animais reprodutores, procederase ó chequeo do 100 por 100 dos que sexan obxecto do movemento, fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica, enfermidade vesicular porcina e enfermidade de Aujeszky.

2.º No caso de animais con destino a ceba, efectuarase un control serolóxico fronte á peste porcina africana dos animais obxecto de movemento, que será do 5 por 100 no caso de explotacións cualificadas sanitariamente e do 20 por 100 no resto das explotacións, cun máximo de 60 animais.

3.º No caso de animais con destino a matadoiro procedentes de explotacións non cualificadas sanitariamente conforme a normativa vixente, efectuarase un control serolóxico fronte á peste porcina africana dos animais obxecto de movemento, que será do 10 por 100 da partida, cun máximo de 60 animais.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta coas comunidades autónomas, establecerá as áreas xeográficas a que se refire a alínea c) deste número.

2. A validez dos resultados das probas serolóxicas establecidas no número anterior establécense nun máximo de trinta días desde a data de emisión dos resultados da análise polo laboratorio competente.

3. A autoridade competente da comunidade autónoma de orixe comunicaralle ó órgano competente da comunidade autónoma de destino, con corenta e oito horas de antelación, o traslado de animais con destino á reprodución e ceba.

4. Xunto cos animais deberase achegar un documento sanitario expedido por un veterinario oficial ou veterinario autorizado.

Artigo 5. *Movemento intracomunitario.*

1. Para o movemento de animais cara a outros países comunitarios, as explotacións de orixe deberanse ter sometido, con resultado favorable, ós controis previstos neste real decreto segundo as seguintes normas:

a) Para o movemento de animais con destino á reprodución, procederase á mostraxe do 100 por 100 dos reprodutores obxecto do movemento fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica, enfermidade vesicular porcina e enfermidade de Aujeszky.

b) Para o movemento dos animais procedentes dunha explotación de produción, esta deberase someter a controis periódicos cuatrimestrais fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina, sobre un número de animais que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa prevalencia é como mínimo do 5 por 100. No caso de que a explotación só efectuase o control anual, procederase a controlalo 100 por 100 dos animais obxecto do movemento.

c) Para o movemento de animais procedentes de explotacións de ceba procederase a controlar, polo menos, o 5 por 100 dos animais do lote obxecto do envío fronte á peste porcina africana, peste porcina clásica e enfermidade vesicular porcina, ou ben efectuarase un control serolóxico na explotación sobre un número de animais que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detecta-la presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é como mínimo do 5 por 100.

d) No caso da enfermidade de Aujeszky realizaranse:

1.º Ata o 30 de xuño, inclusive, de 2002, as probas pertinentes conforme o establecido na Decisión 93/24/CE, da Comisión, do 11 de decembro, relativa ás garantías suplementarias referentes á enfermidade de Aujeszky que deberán ofrece-los porcos destinados a estados membros ou a rexións libres da enfermidade, e a Decisión 93/244/CEE, da Comisión, do 2 de abril, relativa ás garantías suplementarias en relación coa enfermidade de Aujeszky respecto dos porcos destinados a determinadas partes do territorio da Comunidade.

2.º A partir do 1 de xullo de 2002, as probas pertinentes establecidas na Decisión 2001/618/CE, da Comisión, do 23 de xullo, pola que se establecen garantías suplementarias nos intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina en relación coa enfermidade de Aujeszky, así como os criterios para facilitar información sobre a devandita enfermidade, e pola que se derrogan as Decisións 93/24/CEE e 93/244/CEE.

2. A validez dos resultados das probas serolóxicas establecidos neste artigo establécense nun máximo de trinta días desde a data de emisión dos resultados da análise polo laboratorio competente.

3. Para o movemento intracomunitario deberán cumprirse, ademais do previsto nos números anteriores, os requisitos regulados no Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.

Artigo 6. Autoridade competente.

Correspóndelle á autoridade competente da comunidade autónoma a realización dos controis serolóxicos previstos neste real decreto.

Artigo 7. Réxime sancionador.

As infraccións e sancións administrativas en caso de incumprimento do disposto neste real decreto serán as establecidas na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952; no Regulamento de epizootias, do 4 de febreiro de 1955; no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria; e no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria primeira. Subsistencia de controis.

Sen prexuízo do disposto na disposición derogatoria única, ata que se establezan as áreas a que se refire a alínea c) do número 1 do artigo 4 manterá a súa vixencia o disposto na alínea a) do número 1 do artigo 2 do Real decreto 1493/1995, do 8 de setembro, polo que se establece o plan de seguimento sanitario do gando porcino.

Disposición transitoria segunda. Controis efectuados.

En relación co disposto no número 1 do artigo 3 deste real decreto, aquelas explotacións que xa realizasen os controis sobre a totalidade do censo reproductor con anterioridade á súa entrada en vigor, realizarán directamente os controis cuadrimestrais establecidos na alínea b) do referido número.

Disposición transitoria terceira. Período de adaptación.

Os controis establecidos nos artigos 3 e 4 realizaranse nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 1493/1995, do 8 de setembro, polo que se establece o plan de seguimento sanitario do gando porcino, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira, así como cantas outras normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial e carácter básico.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado as competencias sobre as bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento do disposto neste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta coas comunidades autónomas, para modifica-lo contido dos anexos deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I**Enfermidades incluídas no plan de seguimento e vixilancia**

- Peste porcina clásica.
- Peste porcina africana.
- Enfermidade vesicular porcina
- Enfermidade de Aujeszky.

ANEXO II**Tamaño da mostra requirida para detecta-la presenza de enfermidades. Nivel de confianza 95 por 100**

Tamaño poboación	Tamaño da mostra para unha prevalencia mínima do 5 por 100	Tamaño da mostra para unha prevalencia mínima do 2 por 100
1- 25	Todos	Todos
25- 30	26	Todos
31- 40	31	Todos
41- 50	35	Todos ata un máximo de 48
51- 70	40	62
71- 100	45	78
101- 200	51	105
201-1.200	57	138
>1.200	59	145

O cadro amosa o tamaño da mostra para obter un 95 por 100 de fiabilidade de incluír polo menos un animal positivo se a enfermidade está presente nese nivel especificado.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4098 REAL DECRETO 211/2002, do 22 de febreiro, polo que se actualizan determinados valores incluídos na Lei 36/1994, do 23 de decembro, de incorporación ó ordenamento xurídico español da Directiva 93/7/CEE do Consello, do 15 de marzo, relativa á restitución de bens culturais que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro da Unión Europea. («BOE» 52, do 1-3-2002.)

A Lei 36/1994, do 23 de decembro, incorporou ó ordenamento xurídico español a Directiva 93/7/CEE, do Consello, do 15 de marzo, relativa á restitución de bens